

ACTA CELEBRACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO

Expediente núm.:	
2470/2022	

Na Nave Almacén municipal sita En Guimarei, sendo ás 09:00 horas do día 21 de marzo de 2023, reúnese o Tribunal cualificador (formado segundo nomeamento por Decreto da Alcaldía nº 2023-0173, de 10 de febreiro) do proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza de ENCARGADO DE OBRAS (FUNCIONARIO DE CARREIRA) polo sistema de concurso-oposición por promoción interna horizontal, aprobadas no Decreto da Alcaldía n.º 2022-0682, de 26 de maio, (publicadas no BOP de Pontevedra n.º 112 de 13/06/2022); formado segundo nomeamento por Decreto da Alcaldía nº 2023-0173, de 10 de febreiro:

Presidente:

- José A. López Villar

Vogais:

- Jesús M.ª Rey Rilo
- Manuel Sanmartín Rivadulla
- Rubén Aller González

Secretaria:

- Gisela Rey Baltar

O acto ten por obxecto realizar e valorar o segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de acordo co recollido na Base sétima das reguladoras da convocatoria.

Comparece D. Miguel Ángel Durán Constenla, persoa admitida a este proceso selectivo segundo Decreto da Alcaldía nº 2023-0173, de 10 de febreiro, e que superou o primeiro exercicio cunha puntuación superior aos 5 puntos.

A continuación, sendo as 09:10 horas, dáse comezo ao inicio do exercicio, consistente en dúas probas:

1ª.- Conexión dun tubaxe en carga de 315 milímetros sacando un ramal de 2 purgadas en tubaxe de polietileno.

2ª.- Cubicar o formigón que leva unha soleira de 8 metros de largo por 6,25 metros de ancho e un espesor de 0,80 centímetros.

Sendo as 09:40 horas dáse por rematado o desenvolvemento do exercicio, procedente polo Tribunal á valoración e puntuación do exercicio efectuado polo aspirante, co seguinte resultado:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





APELIDOS E NOME	1ª proba	2ª proba	PUNTUACIÓN TOTAL (CALCULADA A MEDIA)
Durán Constenla, Miguel Ángel	8,00	10,00	9,00

Efectuada a suma das puntuacións obtidas polo aspirante en todo o proceso de selección, obtense o seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN FASE DE CONCURSO	PUNTUACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO	PUNTUACIÓN SEGUNDO EXERCICIO	PUNTUACIÓN TOTAL
Durán Constenla, Miguel Ángel	6,80	7,35	9,00	23,15

Por causa de que o aspirante non presentou certificado Celga 3 ou equivalente, nin efectuou o primeiro exercicio en lingua galega, procede efectuar a proba de galego, de conformidade co disposto na base sétima da convocatoria, para elo se lle convoca para o día 23 de marzo de 2023 ás 09:00 horas na Sala de Reunións da Casa Consistorial.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, asinan a presente acta as persoas que forman o Tribunal en proba de conformidade.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

